

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS A FAMILIAS PARA FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL.

O Concello de Rábade pretende estruturar medidas concretas para fomentar a conciliación da vida familiar e laboral, polo que vai por en marcha axudas a familias que teñan nenos entre 1 e 3 anos ó seu cargo. Esta vai ser tamén unha medida inmersa nun marco de fomento da igualdade de oportunidades no acceso ó mercado laboral e de formación entre homes e mulleres.

Estas axudas, enmarcadas xuridicamente na ley 38/2003 de 17 de novembro, teñen como plantexamento fundamental o aproveitamento máximo dos recursos dispoñibles no termo municipal de Rábade, neste caso garderías ou parques infantís, desenvolvendo unha liña subvencións para que as familias con nenos en idade non escolar podan acceder a estes centros privados.

1. NORMAS REGULADORAS DAS AXUDAS.

En relación ó artigo 9 da ley 38/2003 de 17 de novembro, establecece as seguintes normas de reguladoras das axudas:

Tendo en conta que en Rábade non se dispón, polo de agora de gardería, e en tanto esta non entra en funcionamento, estas subvencións van permitir que as familias que teñan ó seu cargo nenos entre 1 e 3 anos (que xa saiban andar) e que residan en Rábade ou algún dos proxenitores traballe en Rábade, podan beneficiarse dunha axuda para que os nenos acudan en horario de mañá e/ou tarde ó parque infantil.

Esta axuda concretarase nun copago entre a familia e o Concello, do custe total da estancia dos nenos entre 1 e 3 anos en calquera centro privado de atención á infancia con sede social e ubicación física no termo municipal de Rábade. As porcentaxes de custe que o Concello asumirá para cada familia irá en función dos ingresos de cada unidade familiar.

Co fin de que este recurso sexa tamén unha medida de inserción para as persoas con dificultade de acceso ó mercado laboral, aquelas familias de Rábade que sexan beneficiarias de RISGA (renda de integración social de Galicia), e teñan nenos entre 1 e 3 anos, o Concello asumirá o custe total da estancia do neno/a no Parque infantil, sempre que sexa con motivo de que os proxenitores estén a facer un curso de formación ou comezando a traballar. Os dous primeiros meses de traballo o Concello fariase cargo do total do custe e a partir do segundo mes á familia aplicariase o baremo ordinario.

Esta axuda só se dirixirá ás familias que usen o parque de xeito regular e continuado, e non de xeito esporádico.

2. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS.

- Ter ó seu cargo nenos entre 1 e 3 anos (Condición imprescindible que os nenos saiban andar).

- Que os proxenitores traballen ou cursen estudos, cursos de formación, etc, ou ben que leven a cabo unha búsqueda activa de emprego. Tamén poderán obter subvención as familias que aínda que non traballen nin esteñan en ningunha das situacións mencionaas, se detecte dende os servizos sociais, a necesidade de socialización do/a menor.
- Residir ou traballar en Rábade.
- Non superar os 6.000,00€ de renda per cápita anual.

3.OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios han de cumprir as obrigacións que sinala o artigo 14 da lei General de Subvencións (lei 38/2000 de 17 de novembro).

Baremo de aplicación para o acceso ás axudas económicas par o uso de centros de atención á infancia.

AXUDA	INGRESOS DA FAMILIA (RENDA PER CÁPITA ANUAL)
20% do custo total.	Entre 5.000 –6.000€
30%	Entre 4.000 e 4.999€
40%	Entre 3.000 e 3.999€
50%	Menos de 3.000€

4.DOCUMENTACIÓN

As solicitudes dirixiránse presentaránse no Concello, a través do departamento de servizos sociais, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia dos DNI dos solicitantes
- Copia do Libro de familia.
- Declaración da Renda ou no caso de non presentala, certificado negativo de facenda.
- No caso de que algún dos proxenitores non traballe deberá acreditar documentalmente que está a realizar estudos, ou levando a cabo unha búsqueda activa de emprego, mediante os xustificantes que se lle requiran polos servizos sociais.
- No caso de solicitar o custo total da praza, por ser beneficiarios de RISGA, aportar xustificantes de estar facendo un curso de formación ou de estar traballando (os dous primeiros meses,) ou en periodo de proba.
- Se a axuda se concede pola necesidade de socialización do/a menor, debese xustificar mediante o correspondente informe social.

5.PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Estará aberto todo o ano.

6. RESOLUCIÓN

As solicitudes resolveráanse no praxo máximo de un mes, sempre que o expediente esté completo, sendo competente para o seu outorgamento a Xunta de Goberno Local.

Rábade, a 4 de xullo de 2006.